

Biblia para Nenos  
presenta

# A Primeira Pascua



Escrito por: Edward Hughes

Ilustrado por: Janie Forest  
Alastair Paterson

Adaptado por: Lyn Doerksen

Traducido por: [www.christian-translation.com](http://www.christian-translation.com)

Producido por: Bible for Children  
[www.M1914.org](http://www.M1914.org)

©2021 Bible for Children, Inc.


Licencia: Tienes el derecho de copiar e imprimir esta historia,  
mientras que no la comercialices.



A dona estaba na ruidosa  
ladeira, os seus ollos  
tristes mirando cara  
unha escena terrible.  
O seu Fillo morría.  
A nai era María e  
estaba preto do  
lugar onde Xesús  
estaba cravado  
na cruz.



Cómo sucedeu todo isto? Cómo puido acabar Xesús cunha vida tan fermosa dun xeito tan horrendo? Como podía Deus permitir có seu Fillo se cravará nunha cruz para morrer alí? Cometeu Xesús un erro sobre quen era? Fracasou Deus?




Non! Deus non fallou.  
Xesús non cometeu  
ningún erro. Xesús  
sabía que sería matado  
por homes malvados.  
Mesmo cando Xesús  
era un neno, un vello  
chamado Simeón  
díxolle a María que a  
tristeza estaba por  
diante.



Uns días antes de que Xesús fora asasinado, unha señora veu e aplicoulle unha untura perfumada nos seus pés.

"Ela está malgastando o diñeiro," queixáronse os discípulos. "Ela está facendo un bo traballo" dixo Xesús. "Ela fíxoo polo meu enterro" Que estrañas palabras!



Logo diso, Xudas, un dos doce discípulos de Xesús, acordou traizoar a Xesús ós principais sacerdotes por 30 pezas de prata.



Na festa da Pascua Xudía,  
Xesús compartiu a súa última  
comida cos seus discípulos.  
Díxolles cousas maravillosas  
sobre Deus e as súas promesas  
para aqueles que o aman. Entón  
Xesús ofreceu pan e unha cunca  
para que compartisen. Isto era  
para lembrarlles  
que o corpo e  
o sangue de  
Xesús foron  
entregados para  
traer perdón  
polos pecados.






Entón Xesús díxolles aos seus amigos que sería traizoado e eles deberían de fuxir. "Non fuxirei", insistiu Pedro. "Antes de que o galo cante, ti negarasme tres veces", dixo Xesús.



Máis tarde esa noite,  
Xesús foi rezar ao  
xardín de Xetsemaní.  
Os discípulos que  
estaban con El  
adormeceron. "O  
meu Pai", Xesús  
rezou, "... Deixa que  
esta copa pase de  
min. Porén, non como  
eu quero, senón como  
ti queres".




De súpeto, unha multitude marchou  
cara o xardín, dirixida por Xudas.  
Xesús non se resistiu, pero Pedro  
cortoulle a orelle a un home.  
Tranquilamente, Xesús tocoulle  
a orelle a un home e curouno.  
Xesús sabía que o seu  
arresto era parte da  
vontade de Deus.



A multitude levou a Xesús á casa do sumo sacerdote. Alí, os líderes xudeus dixeron que Xesús debería morrer.

Preto, Pedro estaba a beira do lume dos criados e observando.




Tres veces a xente mirou a Pedro e dixéronlle,  
"Ti estabas con Xesús!" Pedro negouno as tres  
veces, do mesmo xeito  
que Xesús lle dixo.  
Pedro inclusive  
maldixo e xurou.



# CANTO DO GALO


Xusto nese momento,  
cantou un galo. Foi como a  
voz de Deus para Pedro.  
Lembrando as palabras de  
Xesús, Pedro chorou  
amargamente.





Xudas sentiuno, tamén. El sabía  
que Xesús non era culpable de  
ningún pecado ou crime.  
Xudas recuperou as 30  
pezas de prata pero o  
sacerdotes non  
as collería.





Xudas tirou o  
diñeiro, lanzouse -  
e aforcouse.








Os sacerdotes trouxeron a Xesús ante Pilato, o gobernador de Roma. Pilato dixo, "Eu non encontréi un fallo neste Home" pero a multitude seguía chorando, "Crucifícao! Crucifícao!"



Finalmente Pilato cedeu, e sentenciou a Xesús para morrer na cruz. Os soldados golpearon a Xesús, cuspiron na súa cara e azoutárono. Eles fixeron unha cruel coroa de espiñas longas e afiadas e apertárona na súa cabeza. Entón cravárono na cruz de maneira para morrer.



Xesús sempre soubo que el ía morrer desa maneira. El tamén sabía que a súa morte traería perdón para os pecadores que non confiaron nel. Os dous criminais foron crucificados ao lado de Xesús. Un creu en Xesús- e foi para o paraíso. O outro non.



Despois de moitas horas sufrindo, Xesús dixo, "Está rematado" e morreu. O seu traballo estaba completo. Os amigos enterrárono nunha tumba privada.




Logo os soldados  
romanos selaron e  
gardaron a tumba.  
Ninguén podería  
entrar - ou saír.



Si este fora o final da historia, cómo de triste sería. Pero Deus fixo algo marabilloso. Xesús non estaba morto!




O amencer dunha maña no primeiro día da semana, algúns dos discípulos de Xesús encontraron unha pedra proveniente da tumba. Entón eles ollaron dentro, Xesús xa non estaba alí.



Unha muller estaba chorando pola tumba. Xesús aparecéuselle!  
Ela volveu a correr alegre para dicirlle ós outros discípulos.  
"XESÚS ESTÁ VIVO!  
XESÚS VOLVEU DA MORTE!"







---

Pronto Xesús chegou xunto ós discípulos e mostroulles as mans marcadas por cicatrices. Era certo. **XESÚS ESTABA VIVO DE NOVO!** Perdoou a Pedro por negalo e díxolle ós seus discípulos que llo contaran a todo o mundo. Despois volveu ó ceo de onde viñera.



# A Primeira Pascua


A historia dende o Deus da Terra, a Biblia

encóntrase en

Mateo 26-28, Lucas 22-24,  
Xoán 13-21

"A entrada das súas palabras danos luz."  
Salmo 119:130





| 54

||||| 60



Esta historia bíblica fálanos sobre o noso  
marabilloso Deus, quen nos creou e quere que ti o coñezas.

Deus sabe que nós fixemos malas cousas, ás que El  
chama pecados. O castigo dese pecado é a morte, pero Deus  
ámanos moito. El enviounos o seu único Fillo, Xesús, para morrer  
na Cruz e ser castigados polos nosos pecados. Entón Xesús volveu  
a vida e foi á casa, ó Ceo! Si ti cres en Xesús e lle preguntas  
que esqueza os teus pegados, El farao! El volverá e  
vivirá en ti agora, e ti vivirás con El para sempre.

Si ti crees nesta verdade, dille isto a Deus:  
Querido Xesús, Eu creo que ti es Deus, convertíche en  
home para morrer polos nosos pecados e agora ti estás vivo  
outra vez. Por favor, entra na miña vida e perdoa os meus  
pecado, así eu poderei ter agora unha nova vida, un día  
estarei contigo para sempre. Axúdame a obedecerche  
e vivir por ti como o teu fillo. Amén.

Lee a Biblia e fala con Deus todos os días! Xoán 3:16

